

Forum Limicorum



Forum Limicorum

Preto de Nocelo da Pena, no Concello de Sarreaus, encóntrase un poboado da Idade de Ferro coñecido como *A Cidá*. Este foi descrito por numerosos investigadores como o "*Forum Limicorum*", a capital do pobo que ocupaba estas terras antes da chegada dos romanos.

Un ollo adestrado recoñecerá facilmente como a vexetación que hoxe cobre o xacemento agocha en verdade unha cidade milenaria. Moitos veciños chámanlle ao lugar tamén "*A Cerca*", facendo clara referencia aos restos dunhas potentes murallas que puideron superar os 4 metros de altura.

Nesta terra habitarían (segundo fontes históricas e lendas arraigadas no tempo) os *Limici*, do que parece deriva a propia denominación do río. Pobo nobre e de estirpe galaica foron sometidos por Roma na súa conquista da *Gallaecia*. A súa capital estaría asentada no Monte do Viso, en Nocelo da Pena. Despois de ter sido conquistada, pasaría a converterse na "*Civitas Limicorum*", eixo da actividade de toda a comarca durante época romana.

Localización

Nocelo da Pena, Sarreaus.

Coordenadas:

42.06179001501294, -7.57859375559958



[Ver en Google Maps](#)

Lendas / Historias vencelladas

En Sarreaus, hai que subir á Pena do Arangaño, para librarnos ou curarnos de todo mal.

Galería



Información de interese

"Tradicionalmente, e dende que en 1898 o suxeira D. Marcelo Macías, viuse relacionando este xacemento coa Civitas e o Forum Limicorum, en base á aparición de catro pezas epigráficas descubertas no século XVIII, que estaban empotradas nas paredes da desaparecida ermida de San Pedro, situada aos pés deste castro, a escasos 200 m, pois en dúas delas se fai mención á civitas os límicos. Non obstante, e froito das investigacións en torno aos conceptos de civitas e forum e das escavacións e dos importantes achádegos que nos últimos anos se teñen realizado na vila de Xinzo, na actualidade estase a desbotar aquela relación, propoñendo este último núcleo como o lugar no que se ubicaría dito Forum Limicorum".

http://www.altalimia.org/ficha_inmoble.php?id=060149

A visita é libre. O lugar non se encontra musealizado polo que recoméndase solicitar información previamente no Concello de Sarreaus (Teléfono 0034 988 454 002).

Bibliografía

García Valdeiras, M. (2001) O Forum limicorum. *Minus: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*. N.º9, p. 39-50.